Foro económico de Galicia

# Informe de Conxuntura socioeconómica

## IV / 2023

Fernando González Laxe (coord.)
José Francisco Armesto Pina
Patricio Sánchez Fernández
Santiago Lago Peñas

www.foroeconomicodegalicia.es

## Aspectos salientables

**1.** No terceiro trimestre do ano continuou a ralentización no ritmo de crecemento da economía galega. Porén as taxas de variación interanuais seguiron sendo superiores ás dos principais socios comerciais galegos, agás Portugal. En concreto, o PIB galego medra un 1%, oito décimas inferior á media española, sendo esta porcentaxe do 0,6% en Francia e do 1,9% en Portugal. No último trimestre, dez países da UE-27 presentan unha contracción da súa actividade, salientando Alemaña, cunha caída do 0,4%, permanecendo a actividade económica do conxunto de países da UE e da zona euro no mesmo nivel que en 2022. En termos intertrimestrais, a economía galega contráese un 0,3%, porcentaxe superior á estimada na zona euro, Alemaña ou Francia (-0,1%), o que contrasta coa medra do 0,3% en España.

**2.** O crecemento do PIB real en Galicia caracterízase por unha achega positiva tanto da demanda interna como, en menor medida, da externa (nove décimas e unha décima, respectivamente). Dende o punto de vista da demanda, o diferencial de crecemento coa economía española ven dado pola contribución da demanda interna (1,7 puntos). O gasto en consumo privado medra un 1,1% en España fronte a tan só 0,2% en Galicia; e o investimento aumenta o 1,9% no conxunto do Estado fronte á caída do 2% en Galicia. Pola contra, o gasto público presenta un maior dinamismo en Galicia que no Estado (5% vs 3,3%). No que atinxe á demanda externa, redúcense tanto as exportacións como as compras fóra de Galicia, cunha contracción do 4,9% e 5,5%, respectivamente.

**3.** Dende o punto de vista da oferta, o crecemento do PIB ven explicado polo dinamismo do sector terciario e, en menor medida, do sector primario, o que contrasta coa contracción experimentada no caso da construción e da industria. En Galicia é o sector servizos o que presenta a taxa de crecemento interanual máis elevada (2,1%). Ao mesmo tempo, cómpre mencionar o crecemento do 0,9% do sector primario. Fronte a estes datos, na economía española os catro grandes sectores rexistran taxas de variación interanuais positivas.

**4.** Estruturalmente, hai que salientar a menor produtividade relativa do tecido produtivo galego en relación á media española, sendo especialmente grave no caso da industria manufactureira. En concreto, sitúase un 5,1% por baixo da media española en termos de horas traballadas e tan só dúas décimas se se mide en relación aos postos de traballo equivalente a tempo completo. No concernente á moi baixa produtividade relativa da industria manufactureira, no último trimestre sitúase no 70,9% da media española en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo e no 72,9% en termos de horas traballadas, que se corresponden aos valores máis reducidos nun terceiro trimestre dende 2008, tras os de 2012. Pola contra, a construción e o sector servizos presentan unha produtividade aparente superior á media estatal.

**5.** Os datos do Índice de Competitividade Rexional elaborado polo Consejo General de Economistas correspondente ao ano 2022 reflicten que Galicia, xunto

con Andalucía, Baleares, Canarias e Estremadura presenta un crecemento intenso e claramente superior á media estatal, A pesar deste bo comportamento no pasado recente, Galicia presenta un nivel competitivo medio-baixo, destacando o nivel competitivo alto no caso do entorno institucional fronte á eficiencia empresarial e infraestruturas básicas, cun nivel considerado como baixo.

6. O mercado de traballo galego presenta un balance positivo a pesar da devandita ralentización no ritmo de crecemento do PIB. Dunha banda, ao igual que en trimestre anteriores mellora a participación das persoas no mercado laboral e na ocupación (taxas de actividade e de emprego), redúcese a taxa de desemprego e mellora da calidade de emprego (descende a taxa de temporalidade) ou o descenso do número de fogares onde todos os seus activos están en situación de desemprego. Con todo, estes datos teñen de ser matizados tendo en conta tanto que Galicia mantense entre as CC.AA. con menores taxas de actividade e ocupación, mantendo un menor dinamismo na creación de emprego que o conxunto do Estado (agás no caso de horas traballadas, cun comportamento similar).

7. Tras o devandito incremento do PIB galego nun 1%, a poboación ocupada medra un 2,7% respecto ao ano anterior, fronte ao 2,3% no caso das afiliacións rexistradas. Asemade, os postos de traballo equivalente a tempo completo increméntanse nun 2,4%, en tanto que as horas traballadas presentan un incremento interanual do 1,9% . Segundo os datos recollidos na EPA, o balance positivo apréciase no mantemento dunha tendencia crecente da poboación activa como na evolución da ocupación, de feito que todo o emprego asalariado creado é emprego indefinido e no sector privado, creándose emprego en todos os sectores agás no sector industrial, influenciado pola destrución no caso das manufacturas e a enerxía. Asemade, o descenso do desemprego ven motivado en boa medida pola redución das persoas que levan máis dun ano en situación de desemprego (-18,1%), sendo o seu peso relativo o máis reducido nun terceiro trimestre dende 2009.

8. O sistema enerxético español descarbonizado no ano 2050 require incrementar a xeración eólica por 6 e por 24 a xeración fotovoltaica, se tomamos como referencia o ano 2019, a pesar da forte redución prevista na demanda enerxética (-25%, considerando razóns técnicas). Para integrar tanta enerxía renovable, será necesario realizar un enorme esforzo para incrementar a capacidade de almacenamento, podendo chegar aos 55 TWh aproximadamente, o cal representa un 9,5% aproximadamente da demanda enerxética anual. Este esforzo só será posible se realizamos unha transición enerxética xusta, #de acordo con as principais directrices do Pacto Verde Europeo. Ademais das iniciativas privadas neste sentido, é posible deseñar regulacións e políticas públicas que incrementen a aceptación social, debendo considerarse tamén a necesaria redución na demanda e por tanto das instalacións de produción necesarias e os seus impactos.

## CONTIDOS

I- ANÁLISE CONXUNTURA:
. Contas económicas.
. Mercado de Traballo.
2- COMENTARIO
. Un modelo energético para una economía descarbonizada

*O Informe de Conxuntura Socioeconómica ten como obxectivo subministrar aos axentes sociais, económicos e políticos a información básica e estratéxica que permita definir a situación actual da economía de Galicia. Asemade, pretende facilitar a avaliación continua das magnitudes máis salientables do noso País, e analizar os avances e melloras, mais tamén os atrancos ou retrocesos na súa dinámica macroeconómica.*

ISSN 2530-318X
Editado en Ourense polo Foro Económico de Galicia
Facultade de CC. Empresariais e Turismo - Universidade de Vigo
Campus Universitario 32004
Xaneiro 2024

# I- ANÁLISE DE CONTAS

## Significativa ralentización da actividade económica en Galicia no terceiro trimestre de 2023

*A economía galega experimenta no último trimestre unha acusada desaceleración no seu ritmo de crecemento, presentando non obstante taxas de variación interanuais superiores á media comunitaria e das principais economías europeas. En concreto, o PIB medra en Galicia un 1%, oito décimas inferior á media española, sendo esta porcentaxe novamente superior á estimada para os principais socios comerciais da economía galega, agás Portugal (1,9%). Dez dos 27 países da Unión Europea presentan unha contracción da súa actividade, salientando Alemaña, cunha caída do 0,4%, permanecendo a actividade económica do conxunto de países da UE e da zona euro no mesmo nivel que en 2022. En termos intertrimestrais a economía galega redúcese un 0,3%, porcentaxe superior á estimada na zona euro, Alemaña ou Francia (-0,1%), o que contrasta coa medra do 0,3% en España.*

*O crecemento agregado do PIB galego caracterízase por unha contribución positiva tanto da demanda externa como, en maior medida, da demanda interna (0,1 e 0,9 puntos, respectivamente). Dende o punto de vista da demanda, o diferencial respecto da economía española ven dado fundamentalmente pola achega da demanda interna (1,7 puntos en España), e de xeito máis concreto, da evolución do gasto en consumo privado, que medra en Galicia un 0,2% fronte ao 1,1% no conxunto do Estado, e do investimento, cunha contracción interanual en Galicia do 2% fronte á medra en España do 1,9%. Por contra, o gasto público presenta un maior dinamismo en Galicia que no Estado (5% vs 3,3%). No caso do sector exterior, redúcense tanto as exportacións como as compras fóra de Galicia, cunha contracción do 4,9% e 5,5%, respectivamente.*

*Dende o lado da oferta, o crecemento do PIB ven explicado polo dinamismo do sector terciario e en menor media do sector primario, o que contrasta coa contracción experimentada no caso da construción e da industria. Por contra, na economía española os catro grandes sectores presentan taxas de variación interanuais positivas. En Galicia é o sector servizos o que presenta a taxa de crecemento interanual máis elevada (2,1%), o que contrasta coa acusada contracción da industria manufactureira (-1,9%), e de 0,1% no caso da construción. Ao mesmo tempo cómpre mencionar o crecemento do 0,9% do sector primario. Cómpre insistir novamente na moi reducida produtividade relativa da actividade manufactureira en relación ao conxunto de España.*

## Actividade económica

No terceiro trimestre de 2023 continúa o proceso de ralentización económica no conxunto de países da Unión Europea (UE-27) e da zona euro, presentando o PIB real o mesmo nivel que no ano anterior. Esta evolución explícase polo feito de que dez dos 27 países da UE presentan unha contracción da súa actividade económica. Entre as principais economías europeas cómpre resaltar en primeiro lugar a contracción da economía alemá (-0,4% no último trimestre), así como a significativa desaceleración en Portugal e Italia. Dunha banda, o PIB medra en España un 1,8% cando no ano anterior a taxa de variación interanual ascendía a 5,4%, en tanto que en Portugal e Italia o crecemento interanual é do 1,9% e 0,1%, respectivamente, fronte ao 4,8% e 2,6% estimado no mesmo período de 2022. A economía francesa medra un 0,6%, sete décimas por baixo do estimado no ano anterior.

En termos intertrimestrais, sete países da UE están en recesión técnica, salientando pola súa importancia Países Baixos, a quinta economía da zona euro, cunha caída intertrimestral do 0,2% (-0,4% no trimestre anterior). O conxunto de países da zona euro presentan unha contracción do 0,1%, porcentaxe similar á estimada para Francia e Alemaña, sendo esta caída

**Evolución do PIB real na UE-27, na zona euro e nas principais economías europeas. Taxas de variación interanual**




| | IV | I | II | III | IV | I | II | III | IV | I | II | III | IV | I | II | III |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 2020 | | | | 2021 | | | | 2022 | | | | 2023 | | |
| Zona euro | 1,2 | -2,9 | -14,1 | -4,0 | -4,0 | -0,2 | 14,9 | 4,7 | 5,2 | 5,4 | 4,1 | 2,4 | 1,8 | 1,3 | 0,6 | 0,0 |
| UE-27 | 1,4 | -2,3 | -13,3 | -3,8 | -3,7 | -0,1 | 14,4 | 4,9 | 5,5 | 5,6 | 4,2 | 2,6 | 1,7 | 1,1 | 0,5 | 0,0 |
| Alemaña | 0,9 | -1,5 | -10,6 | -2,6 | -2,1 | -1,6 | 10,8 | 2,4 | 1,6 | 4,0 | 1,6 | 1,2 | 0,8 | -0,2 | 0,1 | -0,4 |
| Francia | 1,0 | -5,0 | -18,0 | -3,7 | -4,0 | 1,5 | 17,9 | 3,3 | 4,5 | 4,3 | 3,8 | 1,3 | 0,8 | 0,9 | 1,2 | 0,6 |
| Portugal | 2,8 | -2,6 | -17,8 | -6,2 | -6,6 | -4,7 | 17,2 | 5,3 | 6,9 | 12,1 | 7,4 | 4,8 | 3,4 | 2,5 | 2,6 | 1,9 |
| España | 1,5 | -4,6 | -21,7 | -9,2 | -9,2 | -3,6 | 19,4 | 5,1 | 7,0 | 6,8 | 7,2 | 5,4 | 3,8 | 4,1 | 2,0 | 1,8 |

*Fonte: Eurostat e INE*

do 0,2% en Portugal. Os datos publicados por Eurostat reflicten que España presenta o mellor comportamento entre as principais economías europeas, cunha medra do 0,3% respecto ao segundo trimestre do ano, sendo este incremento do 0,1% en Italia.

A pesar das dificultades da economía alemá, o PIB real da Unión europea e a dos países da zona Euro atópase un 3,5% e 3% por riba do nivel precrise, sendo esta porcentaxe de tan só 0,3% no caso de Alemaña (tan só a República Checa, que aínda non acadou o nivel precrise presenta unha peor evolución). O PIB de España supera en 2,1 puntos porcentuais o nivel acadado no cuarto trimestre de 2019, sendo este

## Evolución do PIB real en Galicia e España, 2019-2023. Taxas de variación interanual




*Fonte: Eurostat e INE*

diferencial de 4,6 puntos no caso de Portugal e 3,4 puntos en Italia. Asemade, Francia presentaba un PIB superior en 1,7 puntos ao do último trimestre de 2019.

No devandito contexto de ralentiza-

ción do ritmo de crecemento do PIB, a economía galega presenta por sétimo trimestre consecutivo taxas de variación interanuais inferiores á media española. No terceiro trimestre de 2023 Galicia rexistra un incremento interanual do 1,0%, oito décimas menos que a rexistrada en España (1,8%), o que supoñen os valores máis reducidos dende o inicio da reactivación económica tras o impacto da covid. En termos intertrimestrais, a economía galega contráese un 0,3%, feito que non acontecía dende o segundo trimestre de 2020, o que contrasta coa medra do 0,3% no caso da economía española.

## Evolución da actividade económica en Galicia e España dende o máximo previo á crise, 2008 e 2019




*(1) (1) A recuperación da actividade económica foi máis rápida no Estado, superando o nivel precrise no primeiro trimestre de 2018 (40 trimestres máis tarde) cando a economía española o superara no cuarto trimestre de 2016 (35 trimestres). O índice máis reducido acadouse en Galicia no derradeiro trimestre de 2012 (19 trimestres transcorridos) fronte ao primeiro trimestre de 2013 no caso de España (20 trimestres).*

*Fonte: IGE e INE*

## DEMANDA AGREGADA

No terceiro trimestre de 2023 tanto a demanda externa como, en maior medida, a demanda interna presentan unha achega positiva ao crecemento agregado do PIB galego a diferenza do que acontecía nos cinco trimestres anteriores onde a demanda externa presenta unha maior contribución. O diferencial de crecemento respecto da economía española ven explicado fundamentalmente pola contribución da demanda interna, cunha achega moito máis acusada en España.

O cadro macroeconómico de Galicia reflicte que a demanda interna aporta no último trimestre 0,9 puntos ao crecemento agregado do PIB, case a metade do que acontece na economía española (1,7 puntos). Doutra banda, a demanda externa mantén unha achega positiva, se ben esta é a máis reducida dende o inicio da reactivación

### Achega da demanda interna e externa en Galicia e España




*Fonte: IGE e INE*

económica tras a pandemia. En concreto, a súa contribución é dunha décima fronte aos 2,6 no mesmo período do ano anterior (un punto no segundo trimestre de 2023). No conxunto de España, a demanda externa achega 1,7 puntos, medio punto máis que no trimestre anterior.

Entre os compoñentes da demanda tan só o gasto das administracións públicas presenta en Galicia un mellor comportamento que no conxunto de España no terceiro trimestre do ano. En concreto, o gasto público medra un 5% respecto ao ano anterior, porcentaxe que se sitúa no 3,3% na economía española. Por contra, o gasto privado medra en Galicia tan só un 0,2%, case un punto menos na economía española (1,1%). Tras esta evolución, o gasto en consumo final presenta unha medra interanual do 1,5%, unha décima por baixo do estimado en España. Fronte a este comportamento do consumo final, o investimento contráese un 2%, o que contrasta coa medra interanual do 1,9% en España.

Atendendo á evolución destes compoñentes da demanda interna desde o inicio desta crise económica orixinada pola COVID, os datos dos cadros macroeconómicos reflicten que no terceiro trimestre de 2023 tan só o consumo privado presenta un mellor compor-

## Cadro macroeconómico de Galicia 2019-2023. Taxas de variación interanual.

| | 2019 | 2020 | 2021 | 2022 | 2022/I | 2022/II | % 2022/III | 2022/IV | 2023/I | 2023/II | 2023/III |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Produto Interior Bruto** | 1,1 | -8,9 | 7,6 | 4,1 | 6,5 | 5,6 | 2,7 | 1,8 | 3,2 | 1,5 | 1,0 |
| Demanda | | | | | | | | | | | |
| Gasto en consumo final | -1,3 | -7,9 | 6,7 | 2,1 | 5,3 | 2,9 | -0,1 | 0,6 | 0,2 | 0,5 | 1,5 |
| Fogares e institución privadas sen fin de lucro | -2,2 | -11,9 | 8,7 | 4,5 | 8,8 | 6,4 | 2,2 | 1,0 | 0,2 | -0,5 | 0,2 |
| AA. Públicas | 1,4 | 3,8 | 2,0 | -4,1 | -3,5 | -6,1 | -6,3 | -0,2 | 0,2 | 3,4 | 5,0 |
| Formación Bruta de Capital | 3,9 | -10,5 | 7,8 | 0,7 | 0,7 | 1,6 | 1,3 | -1,0 | 0,7 | 2,4 | -2,0 |
| **Achega demanda interna ao PIB** | -0,4 | -8,2 | 6,8 | 1,8 | 4,4 | 2,6 | 0,1 | 0,4 | 0,3 | 0,8 | 0,9 |
| Exportacións | -0,1 | -4,5 | 11,3 | 0,4 | 0,3 | 4,5 | 2,5 | -5,1 | 3,5 | 0,4 | -4,9 |
| Importacións | -3,1 | -3,3 | 10,2 | -3,8 | -3,4 | -1,0 | -2,3 | -8,2 | -1,6 | -0,7 | -5,5 |
| **Achega demanda externa ao PIB** | 1,5 | -0,7 | 0,8 | 2,3 | 2,1 | 3,0 | 2,6 | 1,4 | 2,9 | 0,7 | 0,1 |
| Oferta | | | | | | | | | | | |
| Sector primario | 6,3 | -12,5 | 1,6 | 0,3 | 2,5 | -0,2 | -1,4 | 0,3 | 0,6 | -0,4 | 0,9 |
| Industria | -7,0 | -13,1 | 16,3 | -1,5 | -2,5 | 1,5 | -3,5 | -1,3 | 6,9 | 1,8 | -2,5 |
| Industria manufactureira | -1,5 | -13,7 | 16,6 | -0,2 | 2,2 | 6,6 | -1,5 | -7,3 | 2,2 | 1,6 | -1,9 |
| Construción | 2,1 | -11,9 | -4,4 | -1,0 | -4,2 | -0,9 | 0,2 | 1,1 | 2,6 | 3,6 | -0,1 |
| Servizos | 2,9 | -6,9 | 7,4 | 6,3 | 10,0 | 7,8 | 5,0 | 2,7 | 2,8 | 1,4 | 2,1 |
| Comercio, transporte e hostalería | 0,3 | -19,6 | 17,0 | 17,3 | 28,9 | 22,3 | 13,0 | 7,7 | 6,6 | 3,1 | 2,9 |
| Información e comunicacións | 9,7 | 0,7 | 2,6 | 11,8 | 16,7 | 17,3 | 10,2 | 4,2 | -4,1 | -0,8 | -1,4 |
| Actividades financeiras e de seguros | 0,9 | 5,1 | 1,5 | -0,9 | -1,0 | -1,9 | 0,9 | -1,7 | 4,2 | -8,6 | 5,9 |
| Actividades inmobiliarias | 1,4 | 1,1 | 0,7 | 1,0 | 1,0 | 1,0 | 1,0 | 1,0 | 1,1 | 1,4 | 1,5 |
| Actividades profesionais | 11,8 | -1,3 | 10,2 | 3,0 | 5,2 | 4,7 | 1,2 | 0,9 | 0,9 | 1,6 | 3,7 |
| Administración pública, sanidade e educación | 2,6 | 0,3 | 3,2 | 0,3 | 1,2 | -0,4 | -0,5 | 1,0 | 0,4 | 1,3 | 1,1 |
| Actividades artísticas, recreativas e outros servizos | 6,2 | -15,3 | 7,5 | -0,9 | 0,7 | -3,1 | 2,6 | -3,7 | 5,4 | 4,4 | 1,8 |

*Fonte: IGE*

## PIB real en Galicia e España no terceiro trimestre de 2023. Indicadores de demanda e oferta. Taxas de variación interanual




*Fonte: ICEX*

tamento que no conxunto de España. Asemade, tanto o investimento como as exportacións, e en maior medida, as importacións presentan un nivel inferior ao estimado no derradeiro trimestre de 2019. En concreto, cómpre resaltar que o gasto privado atópase un 0,7% por riba do nivel precrise (0,3% en España), e o investimento un 2% por baixo (1,9% no conxunto do estado. O gasto en consumo das administracións públicas atópase neste terceiro trimestre do ano 5,4 puntos por riba (9,8% en España).

No que á demanda externa se refire, o cadro macroeconómico de Galicia reflicte que no terceiro trimestre de 2023 a demanda externa contribúe positivamente ao crecemento agregado do PIB con tan só unha décima, influenciado

por unha caída interanual do 4,9% das exportacións e do 5,5% no caso das importacións. Tendencia similar rexístrase na economía española, onde as vendas de bens e servizos ao exterior contráense un 2,4% e as importacións 2,9%. Atendendo á súa evolución dende o comezo da crise orixinada pola pandemia, a diferenza do que acontece en Galicia, as exportacións en España superan nun 3,4% o valor do cuarto trimestre de 2019 e nun 2,7% no caso das importacións, mentres que en Galicia se sitúan un 0,5% e 4,8% por baixo, respectivamente.

Se se consideran tan só as relacións comerciais con terceiros países, o valor total das exportacións galegas entre xaneiro e setembro de 2023 presenta unha caída do 0,4% respecto ao mesmo período do ano anterior, o que contrasta co acontecido nos dous anos anteriores (28,4% en 2022). En termos nominais, as exportacións ascenderon a 22.018,5 millóns de euros (78,3 millóns menos), importe tan só inferior ao rexistrado no ano anterior ao longo de toda a serie considerada. Esta lixeira contracción ven motivada en boa medida polo comportamento experimentado polo sector téxtil-confección, que a pesar dunha caída do 1,8% (93,5 mi-

**Evolución do PIB real en Galicia e España 4º trimestre 2019-3º trimestre 2023: distribución segundo compoñentes da demanda.**




Fonte: ICEX

llóns de euros menos) se mantén como primeiro sector exportador. Por contra, as vendas do automóbil aumentan un 5,7% en relación ao ano anterior, o que supón 230,2 millóns máis; presentando a pesca, unha medra interanual do 4,8% (99 millóns). Tras esta evolución, entre xaneiro e setembro as exportacións galegas correspondentes ao sector téxtil-confección representan O 22,7%, fronte ao 19,3% do sector do automóbil e motos. A cota de mercado das exportacións galegas no total estatal mantense no 7,7%, tres décimas máis que no mesmo período do ano 2019, sendo este peso relativo do 52,7% no caso da pesca ou do 36,5% no téxtil (10,6% no sector do automóbil).

Atendendo á desagregación segundo destino das vendas galegas ao exterior cómpre mencionar o elevado grado de concentración no mercado comunitario, que acolle o 71,5% das exportacións, 1,2 puntos menos que no ano anterior, dirixíndose ao resto do continente europeo un 10,7% das vendas exteriores. África do norte mantense como a terceira área comercial ao acoller o 5% das exportacións galegas, porcentaxe similar á do ano anterior.

A devandita minoración das vendas explícase en boa medida polo comportamento das exportacións á UE, cunha caída interanual do 2,1% (337,5 millóns menos) fronte ao incremento do 32,6% do ano anterior; por outra parte salienta o incremento experimenta-

**Exportacións galegas do sector do automóbil, téxtil-confección e pesca 2009-2023. Datos acumulados ao III trimestre.**




*Fonte: ICEX*

do no mercado americano (4,2%) e en concreto, o das as illas do Caribe, cunha medra interanual do 125,3% (77,2 millóns de euros máis) e nun 30,6% no de América Central (89,8 millóns de euros máis). No caso do mercado do norte de África, o incremento interanual foi do 1,4% (15,2 millóns de euros máis).

Francia mantense como o principal destino das exportacións galegas concentrando o 17,2% do total, catro décimas menos que no ano anterior. A continuación sitúanse novamente Portugal e Italia, cuxo peso relativo aumenta ata o 14,4% e 10,2%, respectivamente (13,6% e 9,1% no ano anterior). Entre os dez primeiros destinos dos produtos galegos sete son países da UE, situándose o Reino Unido en sexto lugar, ao acoller o 4,7% das exportacións (5,4% no ano anterior); Marrocos, na sétima posición, cun 4,3%, mesma porcentaxe que en 2022; e Turquía no noveno, cun 3,9% (1,7% no ano precedente).

Por último, no concernente ao saldo da balanza comercial dos distintos sectores, cómpre resaltar en primeiro lugar o incremento do superávit rexistrado polo sector do automóbil, impulsado en grande parte tanto pola medra das exportacións de fabricación de automóbiles e motos (8,8%) como pola redución das importacións de compoñentes de motor (-76,9%). Tras esta evolución, o subsector de fabricación de automóbiles rexistra unha medra significativa do superávit, que se sitúa en 2.815,4 millóns de euros (13,1% superior), acadando as vendas de compoñentes de motor un saldo positivo de 46,8 millóns

## Exportacións galegas 2022-23. Principais países e sectores económicos. Datos acumulados ao III trimestre







*Fonte: ICEX*

de euros fronte ao déficit de case dous mil millóns no mesmo período do ano anterior. Por último, cómpre mencionar que o sector dos alimentos reduce o seu déficit  ao acadar os 553,7 millóns de euros, situándose o saldo negativo no subsector pesqueiro nos 287,5 millóns (968,2 e 448 millóns en 2022). No sector téxtil o superavit supera os 2.800 millóns, o que supón unha medra do 10,4% respecto ao mesmo período do ano anterior.

## AGREGADOS DA OFERTA

No terceiro trimestre de 2023 o crecemento do 1% do PIB ven explicado polo dinamismo do sector terciario e en menor media do sector primario, o que contrasta coa contracción experimentada no caso da construción e da industria. Por contra, na economía española os catro grandes sectores presentan taxas de variación interanuais positivas.

Dunha banda, o crecemento do valor engadido bruto xerado polo sector servizos foi do 2,1%, tres décimas menos que no conxunto de España, o que o sitúa como a actividade de maior dinamismo. O conxunto de actividades de comercio, transporte e hostalería medra en Galicia un 2,9% fronte ao 3,3% en España, e as actividades artísticas, recreativas e outros servizos un 1,8% (8,9% no conxunto do Estado). Por contra, o crecemento das actividades profesionais en Galicia é superior ao rexistrado en ·España, situándose as taxas de variación interanual no 3,7% e 0,4%, respectivamente. Por contra, o sector das actividades de información e comunicacións contráese un 1,4% en Galicia, o que contrasta coa medra do 5,8% estimada para a economía española. Doutra banda, o veb xerado no sector primario aumenta un 0,9% respecto ao mesmo período do ano anterior, porcentaxe significativamente inferior á estimada en España (2,7%).

O sector industrial galego no seu conxunto presenta unha significativa contracción da actividade, cunha caída interanual do 2,5%, o que contrasta coa medra interanual do 0,5% en España. En particular cómpre resaltar o desigual comportamento da industria manufactureira en Galicia e España, rexistrándose na C.A. unha contracción do 1,9% fronte ao crecemento de case un 3% no conxunto do Estado (2,9%). Do mesmo xeito, o valor engadido bruto xerado na construción redúcese un 0,1% respecto ao ano anterior, fronte á medra do 1% na economía española.

Transcorridos case catro anos dende o comezo da crise económica orixinada pola pandemia, a recuperación da actividade económica ven explicada polo comportamento do sector servizos. En termos reais, o veb xerado polo sector en Galicia é un 8,7% superior ao estimado para o derradeiro trimestre de 2019. Entre as distintas actividades do sector terciario cómpre resaltar que o veb das actividades de comercio, transporte e hostalería é un 15,5% superior, e o xerado pola administración pública, sanidade e educación un 4,2%; o que contrasta co subsector de actividades artísticas, recreativas e outros servizos, que se sitúa un 6,7% por baixo do nivel precrise. No conxunto do Estado a recuperación do sector servizos é inferior, situándose a actividade do sector un

**Evolución da actividade económica IV trimestre 2019 III trimestre 2023 en Galicia e España. Distribución segundo ramas de actividade**




*Fonte: IGE e INE*

5,5% por riba do nivel precrise, en boa medida pola evolución das actividades comerciais, transporte e hostalería, que se sitúan en España un 5% por riba de cuarto trimestre de 2019, así como as actividades profesionais, cuxo veb é un 8,4% superior (12,3% en Galicia).

A contracción económica máis acusada na economía galega rexístrase no sector da construción, cuxo valor engadido no terceiro trimestre do ano representa en torno ao 85% do nivel precrise, situándose un 9,3% por baixo no caso do sector primario e un 1,7% por baixo no caso da industria. No conxunto de España a actividade produtiva do sector da constrición é aínda un 11% inferior, fronte a un 19,4% no conxunto do sector primario e do 3,3% na industria. Neste último caso cómpre resaltar a desigual evolución da industria manufactureira en Galicia e no conxunto do Estado; en concreto, a produción da industria manufactureira galega é un 0,8% inferior á estimada a finais de 2019 o que contrasta coa recuperación das manufacturas en España (3,4% superior ao nivel acadado no cuarto trimestre de 2019).

No que á estrutura produtiva se refi-

## Evolución da estrutura produtiva de Galicia. Principais ramas de actividade (VEB Galicia = 100)




*Fonte: IGE*

re, e unha vez recuperado o nivel pre-crise na economía galega, cómpre re-saltar o incremento do peso relativo do o subsector de comercio, transporte e hostalería, que no segundo trimestre do ano concentra o 25,3% do veb galego, oito décimas por riba do estimado no ano anterior (22,6% no mesmo período de 2019). A importancia relativa da administración pública, sanidade e educación mantense no 18,5%, o que supón un nivel lixeiramente inferior ao estimado no terceiro trimestre de 2019 (18,8%).

Asemade, cómpre mencionar o descenso do peso da industria manufactureira, que se sitúa no 12,1% no terceiro trimestre do ano, tres décimas menos que no ano anterior, e lonxe do 14,3% en 2008. A importancia relativa do sector da construción aumenta ata o 6,2%, lonxe do 7,5% do mesmo período do ano 2019 ou do 11,7% se a comparación se realiza co ano 2008. Por último, o sector primario representa o 5% do valor engadido xerado pola economía galega, porcentaxe similar á estimada no ano anterior.

## Produtividade do factor traballo

Por último, cómpre facer referencia á evolución da produtividade da economía galega entendida como a cantidade producida por unha economía tanto en termos das horas traballadas como dos postos de traballo equivalentes a tempo completo. O devandito incremento interanual do PIB do 1% no terceiro trimestre do ano trasládase ao mercado de traballo quen presenta unha medra superior tanto do número de horas (1,9%) como de postos de traballo equivalente (2,4%).

Tras esta evolución, Galicia presenta unha perda de competitividade real en ambos os dous casos, situándose no 0,9% se se mide en termos de horas efectivamente traballadas e no 1,4% en relación aos postos de traballo equivalente a tempo completo. No conxunto de España, a perda de competitividade medida en tempo de postos de traballo equivalente é do 1,7% e dun 0,1% no caso das horas traballadas.

Se se considera o PIB en termos monetarios, a produtividade aparente do factor traballo en Galicia segue a ser inferior á da economía española en termos de horas de traballo, situándose nun nivel similar en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo. En concreto, sitúase un 5,1% por baixo se se mide en relación ao número de horas traballadas e tan só dúas décimas por baixo en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo. Como se reflicte no último gráfico, en ambos os dous casos o diferencial con respecto á media española mellora en relación ao ano 2019, pasando do 91,5% da media española no terceiro trimestre de 2019 aos 99,8% no último trimestre no caso do traballo equivalente a tempo completo, e do 89,3% a 94,9% no devandito período no caso da produtividade en termos de horas traballadas.

Atendendo á distribución segundo sector de actividade cómpre insistir novamente na reducida produtividade das actividades manufactureiras galegas en comparación co conxunto do Estado, así como a súa tendencia descendente. No terceiro trimestre de 2023

## Produtividade aparente do factor traballo no III trimestre 2023. Taxas de variación interanual

### HORAS EFECTIVAMENTE TRABALLADAS

| | Galicia | | | España | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | PIB | Emprego | Produtividade | PIB | Emprego | Produtividade |
| **Total** | 1,0% | 1,9% | -0,9% | 1,8% | 1,9% | -0,1% |
| **Sector primario** | 0,9% | -5,0% | 5,9% | 2,7% | -2,5% | 5,2% |
| **Industria** | -2,5% | 1,5% | -4,0% | 0,5% | 1,0% | -0,5% |
| **Industria manufactureira** | -1,9% | -1,3% | -0,6% | 2,9% | 1,3% | 1,6% |
| **Construción** | -0,1% | 1,6% | -1,7% | 1,0% | 0,5% | 0,5% |
| **Servizos** | 2,1% | 2,8% | -0,7% | 2,4% | 2,4% | 0,0% |

### POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTE A TEMPO COMPLETO

| | Galicia | | | España | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | PIB | Emprego | Produtividade | PIB | Emprego | Produtividade |
| **Total** | 1,0% | 2,4% | -1,4% | 1,8% | 3,5% | -1,7% |
| **Sector primario** | 0,9% | 0,6% | 0,3% | 2,7% | -3,2% | 5,9% |
| **Industria** | -2,5% | 1,3% | -3,8% | 0,5% | 0,2% | 0,3% |
| **Industria manufactureira** | -1,9% | 1,7% | -3,6% | 2,9% | 0,1% | 2,8% |
| **Construción** | -0,1% | 3,1% | -3,2% | 1,0% | 3,6% | -2,6% |
| **Servizos** | 2,1% | 2,7% | -0,6% | 2,4% | 4,3% | -1,9% |

*Fonte: IGE e INE*

supoñía o 70,9% da media estatal medida en termos de traballo equivalente a tempo completo e un 72,9% no caso das horas traballadas, que son, con carácter xeral, as porcentaxes máis reducidas dende o ano 2008 (tan só en 2012 a produtividade aparente presenta valores inferiores, ao representar o 72,4% e 70,7%, respectivamente).

Fronte á devandita situación, a construción e o sector servizos presentan unha produtividade aparente superior á media estatal tanto se se mide en termos de horas traballadas (8,2% e 0,3%, respectivamente) como se se fai en relación aos postos de traballo equivalente a tempo completo (4% e 6%, respectivamente). Por último, as actividades do sector primario presentan unha produtividade aparente inferior á media española en ambos os dous casos, situándose un 1,7% por baixo da media estatal en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo e un 6,5% en relación ás horas traballadas.

## Produtividade aparente do factor traballo en Galicia no terceiro trimestre 2019-2023. (España = 100)







*Fonte: IGE e INE*

## PRODUTIVIDADE DO FACTOR TRABALLO

A pesar da incerteza que caracterizou o ano 2022, por mor da guerra na Ucraína e da acusada medra do nivel de prezos, a competitividade das CC.AA. mellorou de xeito substancial, aínda que persisten notables diferencias entre elas. O valor do Índice de Competitividade Rexional (ICERG) reflicte que Galicia presenta unha medra da competitividade en torno ao 7% en relación á primeira estimación do ano anterior, situándose o seu valor en 8,70.

Os distintos indicadores seleccionados na elaboración do Índice anual de Competitividade Rexional (ICREG) elaborado polo Consejo General de Economistas, que se agrupan en sete eixos competitivos (entorno económico, mercado de traballo, capital humano, entorno institucional, infraestruturas básicas, eficiencia empresarial e innovación), permiten identificar os factores determinantes para a competitividade e proporciona información sobre as claves para a súa mellora. Tal e como se aprecia no primeiro mapa, a Comunidade de Madrid, xunto con Navarra e o País Vasco conforman o grupo competitivo relativo alto, manténdose sólido o denominado "triángulo competitivo", formado polos vértices de País Vasco, Cataluña e Madrid. Pola súa banda, Galicia mellora a súa posición relativa ascendendo ao oitavo posto (adianta a Cantabria) manténdose nunha posición intermedia-baixa en relación ao resto das CC.AA.

No devandito contexto de incerteza,

**Comunidades Autónomas segundo o seu nivel competitivo, 2022**




*Fonte: Consejo General de Economistas, Informe de la competitividad regional en España 2023*

Galicia, xunto con Andalucía, Baleares, Canarias e Estremadura presenta un crecemento intenso e claramente superior á media estatal, sendo Asturias a única Comunidade na que o ICREG non cambia respecto ao ano anterior. Andalucía, Baleares e Galicia son as CC.AA. que presentan un crecemento claramente superior á media nun maior número de eixos, ao contrario do que acontece en Asturias e a C. Valenciana, que amosan un descenso en catro dos sete eixos considerados.

## Evolución anual do Índice de Competitividade Rexional 2022




*Fonte: Consejo General de Economistas, Informe de la competitividad regional en España 2023*

A pesar de que Galicia presenta no ano 2022 un nivel de competitividade relativo medio baixo, o entorno institucional (eixo 4) segue a rexistrar un nivel alto en contraposición novamente co acontecido coas infraestruturas básicas (eixo 5) e a eficiencia empresarial (eixo 6). En termos dinámicos, o crecemento superior á media española rexístrase en todos os eixos considerados agás nos relativos ao mercado de traballo, cun dinamismo inferior á media, e no de infraestruturas básicas (eixo 5), que se mantén sen cambios.

Segundo o devandito informe, os indicadores coas achegas máis positivas corresponden á variación do PIB e ao coeficiente de apertura externa (eixo 1); taxa de temporalidade (eixo 2); adultos en formación )eixo 3); desigualdade S80/S20 (eixo 4); tráfico aéreo (eixo 5); variación da produtividade e variación de CLU (eixo 6); investigadores e gasto en I+D (eixo 7).

Pola contra, as contribucións máis negativas corresponden á taxa de aforro (eixo 1); ninis (eixo 2); abandono escolar temperá (eixo 3); déficit (eixo 4) e patentes (eixo 7).

**Nivel competitivo de Galicia 2022 e evolución 2021-22. Distribución segundo eixos**

| | 2022 | | 2022/2021 |
|---|---|---|---|
| | Ranking | Nivel competitivo | Dinamismo relativo |
| **Eixo 1.- Entorno económico** | 9 | MEDIO BAIXO | SUPERIOR Á MEDIA |
| **Eixo 2.- Mercado de traballo** | 10 | MEDIO ALTO | INFERIOR Á MEDIA |
| **Eixo 3.- Capital humano** | 6 | MEDIO ALTO | SUPERIOR Á MEDIA |
| **Eixo 4.- Entorno institucional** | 6 | ALTO | SUPERIOR Á MEDIA |
| **Eixo 5.- Infraestruturas básicas** | 12 | BAIXO | SEN CAMBIOS |
| **Eixo 6.- Eficiencia empresarial** | 15 | BAIXO | SUPERIOR Á MEDIA |
| **Eixo 7.- Innovación** | 6 | MEDIO BAIXO | SUPERIOR Á MEDIA |
| | | | |
| **Galicia** | 8 | MEDIO BAIXO | SUPERIOR Á MEDIA |

*Fonte: Consejo General de Economistas, Informe de la competitividad regional en España 2023*

### • Competitividade e eficiencia empresarial

O informe deste ano recolle unha breve análise descritiva sobre algunhas variables do eixo 6, Eficiencia empresarial, co obxectivo de contribuír ao coñecemento e valoración da capacidade que teñen as rexións de proporcionar un entorno favorable ás empresas para contribuír a un maior de crecemento da economía.

A eficiencia empresarial defínese como a capacidade óptima de producir produtos e servizos en relación cos recursos e factores necesarios e dispoñibles. É na propia empresa onde se debe conseguir a eficiencia das tarefas produtivas como resultado da xestión que o sector empresarial leva a cabo en termos de organización dos métodos e factores produtivos dispoñibles. Considérase que o maior ou menor éxito empresarial ven determinado por múltiples e diferentes factores como a estrutura sectorial, o acceso ás infraestruturas, entorno institucional, organización e sistema de financiamento, tamaño, estrutura da propiedade, grado de internacionalización e a intensidade tecnolóxica.

A análise empírica realizada detecta unha correlación estrecha e positiva entre o índice de competitividade rexional e o tamaño empresarial, de xeito que a maior participación de grandes empresas (máis de 250 traballadores) maior valor do ICREG. En segundo lugar cómpre salientar que as CC.AA. con maior proporción de empresas no subsector resto de servizos (excluíndo a actividade comercial) tenden a rexistrar un índice de competitividade superior á media estatal. Asemade, esta correlación positiva tamén se rexistra no caso do esforzo tecnolóxico en TIC en empresas de máis de dez traballadores, así como no do peso das empresas exportadoras regulares a pesar de que o seu número é moi reducido.

## Eficiencia empresarial e competitividade rexional



*Fonte: Consejo General de Economistas, Informe de la competitividad regional en España 2023*

# O mercado de traballo no III trimestre de 2023. Balance positivo a pesar da desaceleración económica.

*A pesar da ralentización da actividade económica, o mercado de traballo presenta datos agregados positivos atendendo aos niveis de ocupación e á redución do desemprego. Ao igual que en trimestres anteriores, mellora tanto da participación das persoas no mercado laboral como na ocupación (taxas de actividade e de emprego), reducíndose ademais a taxa de paro. Asemade, mellora a calidade do emprego atendendo á redución da temporalidade.*

*Con todo, Galicia segue a ser unha das CC.AA. coas taxas de actividade e ocupación máis reducidas, mantendo o mercado laboral no conxunto de España un maior dinamismo que en Galicia, onde tan só as horas traballadas presentan un comportamento similar. A EPA reflicte que a ocupación medra en Galicia un 2,7% fronte ao 2,3% das afiliacións rexistradas, en tanto que as contas económicas amosan unha medra do 2,4% dos postos de traballo equivalente a tempo completo e do 1,9% no caso das horas traballadas.*

*O balance positivo apréciase no mantemento dunha tendencia crecente da poboación activa, así como na evolución da ocupación, de feito que o emprego asalariado creado é emprego indefinido e no sector privado, creándose emprego en todos os sectores agás na industria, onde se reduce o emprego no ámbito manufactureiro e enerxético. No que ao desemprego se refire, o positivo descenso ven motivado en boa medida pola redución das persoas que levan máis dun ano nesa situación (-18,1%), sendo o seu peso relativo o máis reducido nun terceiro trimestre dende 2009.*

Unha primeira aproximación global á situación do mercado de traballo en Galicia ten de realizarse a partir dos indicadores básicos do mercado laboral e a súa comparación co resto das CC.AA.: taxa de actividade, taxa de ocupación, taxa de paro e taxa de temporalidade. Galicia mantense entre as Comunidades autónomas coas taxas de actividade e ocupación máis reducidas, situándose como a sétima C.A. coas taxas de paro e temporalidade máis reducidas.

No concernente á taxa de actividade, a participación laboral dos galegos mantense no último trimestre en case seis puntos por baixo do estimado no conxunto do Estado. Este indicador ascende ata o 53,6% no terceiro trimestre (59,4% en España), porcentaxe que mantén a Galicia como a segunda C.A. coa taxa máis reducida tras Asturias, cun 51,7%. A taxa de actividade feminina é notablemente inferior á masculina, con valores do 49,6% e 58%, respectivamente, o que supón un diferencial de 8,4

puntos porcentuais (7,7 puntos no anterior). No conxunto do Estado, o diferencial mantense por riba do existente en Galicia (9,7 puntos), aumentando a taxa de actividade feminina ata o 54,7% e a masculina ata o 64,4%.

## Taxas de actividade, ocupación, paro e temporalidade 3º trimestre 2023

| | Galicia | España | Mellores CC.AA. | Peores CC.AA. |
|---|---|---|---|---|
| **Taxa de actividade** | 53,6% | 59,4% | Baleares (67,2%)<br>Madrid (63,3%)<br>Cataluña (62,1%)<br>Murcia (60,5%) | Asturias (51,7%)<br>Galicia (53,6%)<br>Castela e León (55,2%)<br>Cantabria (55,8%) |
| **Taxa de ocupación** | 48,6% | 52,4% | Baleares (63,4%)<br>Cataluña (56,8%)<br>Madrid (56,6%)<br>A Rioxa (54,3%) | Asturias (44,9%)<br>Andalucía (46,9%)<br>Estremadura (47,3%)<br>Galicia (48,6%) |
| **Taxa de paro** | 9,3% | 11,8% | Baleares (5,7%)<br>Cantabria (7,5%)<br>Aragón (7,8%)<br>País Vasco (8,3%) | Andalucía (18,7%)<br>Estremadura (16,5%)<br>Canarias (15,2%)<br>Murcia (13,4%) |
| **Taxa de temporalidade** | 17,6% | 17,3% | Madrid (12,1%)<br>Cataluña (13,5%)<br>Baleares (15,0%)<br>Cantabria (15,7%) | Estremadura (27,8%)<br>Andalucía (21,9%)<br>País Vasco (20,5%)<br>Asturias (19,5%) |

*Fonte: INE*

## Principais datos do mercado de traballo en Galicia 2021-2023

| miles de persoas | 2021 | | 2022 | | | | 2023 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | III | IV | I | II | III | IV | I | II | III |
| **Poboación maior de 16 anos** | 2.340,9 | 2.340,8 | 2.340,2 | 2.341,6 | 2.343,0 | 2.345,6 | 2.346,5 | 2.348,8 | 2.352,9 |
| **Poboación activa** | 1.239,2 | 1.226,4 | 1.232,4 | 1.244,7 | 1.248,6 | 1.235,9 | 1.238,7 | 1.249,9 | 1.261,6 |
| **25 - 34 anos** | 209,3 | 206,0 | 207,8 | 210,7 | 208,5 | 205,7 | 208,1 | 212,0 | 214,6 |
| **Poboación ocupada** | 1.112,5 | 1.091,3 | 1.091,4 | 1.105,2 | 1.113,8 | 1.104,5 | 1.103,7 | 1.130,2 | 1.144,4 |
| **Conta propia** | 209,1 | 206,6 | 199,0 | 205,6 | 201,7 | 206,3 | 206,3 | 204,4 | 200,9 |
| **Conta allea** | 902,5 | 884,3 | 892,2 | 899,5 | 911,6 | 898,2 | 897,2 | 925,7 | 943,5 |
| **Outra situación** | 0,9 | 0,4 | 0,2 | 0,2 | 0,4 | 0,0 | 0,2 | 0,2 | 0,0 |
| **Poboación parada** | 126,7 | 135,1 | 141,0 | 139,4 | 134,8 | 131,4 | 135,1 | 119,7 | 117,2 |
| **Parado longa duración** | 51,5 | 59,4 | 57,2 | 52,9 | 49,7 | 47,0 | 47,7 | 42,0 | 40,7 |
| **Poboación inactiva** | 1.101,7 | 1.114,4 | 1.107,7 | 1.096,9 | 1.094,4 | 1.109,7 | 1.107,8 | 1.098,8 | 1.091,4 |
| | | | | | | | | | |
| **Taxa de actividade** | 52,9% | 52,4% | 52,7% | 53,2% | 53,3% | 52,7% | 52,8% | 53,2% | 53,6% |
| **Taxa de ocupación** | 47,5% | 46,6% | 46,6% | 47,2% | 47,5% | 47,1% | 47,0% | 48,1% | 48,6% |
| **Taxa de paro** | 10,2% | 11,0% | 11,4% | 11,2% | 10,8% | 10,6% | 10,9% | 9,6% | 9,3% |
| **Taxa de temporalidade** | 26,0% | 24,3% | 22,5% | 20,1% | 18,9% | 16,6% | 16,4% | 15,7% | 17,6% |
| | | | | | | | | | |
| **Afiliacións (media trimestral)** | 1.030,9 | 1.025,4 | 1.023,8 | 1.038,8 | 1.045,1 | 1.039,8 | 1.035,0 | 1056,7 | 1069,3 |
| **Paro rexistrado (media trimestral)** | 152,1 | 153,1 | 153,9 | 145,9 | 142,0 | 142,9 | 143,7 | 134,3 | 128,6 |

*Fonte: IGE*

No que á taxa de ocupación se refire, a relación entre a poboación ocupada e a poboación maior de 16 anos ascende en Galicia ata o 48,6%, aumentando o diferencial con respecto á media estatal que se sitúa en catro puntos fronte aos 3,8 do ano anterior (en España ascende ata o 52,4%). Esta porcentaxe mantén a Galicia como a cuarta Comunidade Autónoma con menor taxa de emprego, por diante de Asturias (44,9%), Andalucía (46,9%) e Estremadura (47,3%).

Ao igual que acontece coa taxa de actividade, a participación das mulleres é significativamente máis reducida á dos homes, sendo o diferencial en Galicia novamente inferior ao estimado no conxunto do Estado. Entre os homes a taxa de emprego sitúase no 53,1% fronte ao 44,6% no caso das mulleres, o que implica un diferencial de 8,5 puntos, fronte aos 10,5 puntos en España (57,8% e 47,3%, respectivamente).

A taxa de paro galega descende no último trimestre ata o 9,3%, dous puntos e medio inferior á media estatal (11,8%), valor que sitúa a Galicia como a sétima C.A con menor desemprego. A taxa feminina é superior á masculina en todas as CC.AA. situándose en Galicia no 10,2% e 8,4%, respectivamente, fronte aos 13,6% e 10,3% en España.

## Poboación activa

A poboación activa continúa a tendencia crecente dos últimos trimestres, acollendo no terceiro trimestre do ano un total de 1.261.600 persoas, 13.000 persoas máis que no ano precedente, o que supón unha medra interanual do 1%, punto e medio inferior ao do conxunto do Estado. O devandito incremento ven explicado por unha medra interanual tanto no caso das mulleres como, en maior medida, dos homes, o que contrasta co acontecido nos últimos catro trimestres, cando a poboación activa descende entre os homes. En concreto, no último trimestre Galicia conta con 9.300 homes activos máis que no ano anterior (1,4%), fronte a 3.700 mulleres activas máis (0,6%). No conxunto de España a poboación activa medra en ambos os dous casos por décimo trimestre consecutivo, situándose as taxas de variación interanual no último trimestre no 3,2% entre as mulleres e no 1,9% no caso dos homes.

Xunto ao devandito incremento da poboación activa cómpre mencionar novamente o acusado incremento entre as persoas maiores de 55 anos e a poboación máis nova, así como entre as persoas con estudos terminados de ESO segunda etapa e estudios primarios ou menos, e entre as persoas de nacionalidade estranxeira. Dunha banda,  o comportamento da poboación activa entre as persoas con estudos da ESO, segunda etapa, medra en 11.100 persoas (3,8%) fronte aos 9.000 entre as persoas con menor nivel formativo (33%). Doutra banda, o número de activos maiores de 55 anos medra un 6,4%, o que significa un total de 17.000 persoas máis, sendo esta porcentaxe do 10,1% entre aquelas persoas menores de 25 anos (6.400 persoas). Por último, a poboación activa de nacionalidade estranxeira medra un 7,9% respecto ao ano anterior (6.700 persoas máis), e a diferenza do aconteci-

# Evolución trimestral da poboación activa 2021-23: distribución segundo sexos




*Fonte: IGE.*

do en trimestres anteriores, a poboación española medra un 0,5% (6.200 persoas). Mención especial merece o incremento interanual por terceiro trimestre consecutivo da poboación activa de 25-34 anos, cunha medra do 2,9% (6.100 persoas), cando no ano anterior descendera un 0,4%.

Fronte a este incremento, cómpre resaltar o acusado descenso da poboación activa entre as persoas con idades comprendidas entre 35 e 44 anos, que no terceiro trimestre de 2023 foi do 4,7% respecto ao ano anterior (15.500 persoas menos), así como entre as persoas con estudios superiores rematados, con 13.300 activos menos (-2,3%).

## Poboación activa III trimestre de 2023. Variación interanual




*Fonte: IGE.*

## OCUPACIÓN

A desaceleración da economía galega no terceiro trimestre non se traslada ao mercado de traballo tendo en conta que os catro indicadores da ocupación considerados presentan un maior dinamismo que no mesmo período do ano anterior. Asemade, cómpre destacar que todos presentan unha taxa de variación interanual superior ao rexistrado polo PIB (1%). Dunha banda, as afiliacións presentan un incremento interanual do 2,3%, o que supón nove décimas máis que o rexistrado no ano anterior. Doutra banda, a poboación ocupada estimada pola EPA medra un 2,7% respecto ao ano precedente, cando en 2022 a taxa de variación interanual ascendía a tan só unha décima. Asemade, as contas económicas reflicten que o número de postos de traballo equivalentes a tempo completo medran un 2,4% fronte o 0,9% rexistrado no ano anterior; sendo este incremento interanual do 1,9% no caso das horas traballadas, cando no ano anterior aumentaran un 0,5%. O mercado laboral en España presenta con carácter xeral un mellor comportamento que en Galicia, aumentando un 3,5% a poboación ocupada e os postos de traballo equivalente a tempo completo e un 2,9% no caso das afiliacións (as horas traballadas aumentan ao mesmo ritmo que en Galicia, un 1,9%).

No concernente ao número medio de afiliacións en alta laboral ao Sistema da Seguridade Social en Galicia ascende a 1.069.261 persoas afiliadas, o que supón 24.153 afiliacións máis que no ano anterior. En termos relativos as afiliacións medran en Galicia un 2,3%, seis décimas menos que o rexistrado en España. Atendendo á distribución segundo sexos, tanto en Galicia como no conxunto do Estado este incremento afecta en maior medida ao emprego feminino, situándose na Comunidade autónoma a taxa de variación interanual no 2,7% (13.632 afiliacións máis) fronte ao 2% entre os homes (10.521 afiliacións). Esta medra é máis intensa en España en ambos os dous casos: 3,4% e 2,3%, respectivamente.

No que se refire á análise da poboación ocupada, tras unha medra interanual do 2,7% Galicia conta con 1.144.400 persoas ocupadas, o que supón 30.600 máis que no ano anterior. Así, a taxa de ocupación ascende ata o 48,6% -a cuarta Comunidade Autónoma coa taxa de emprego máis reducida-, situándose no conxunto do Estado esta porcentaxe no 52,4%.

Ao igual que o acontecido no trimestre anterior, o devandito incremento interanual da ocupación en Galicia prodúcese tanto entre as mulleres como entre os homes, se ben o emprego masculino presenta un maior dinamismo. En concreto, a poboación ocupada medra en 17.500 persoas entre os homes (3%) e en 13.200 ocupados entre as mulleres (2,5%). O mercado laboral español presenta un maior dinamismo que o galego tan só entre homes, esti-

máse unha medra interanual do 4,7% fronte ao 2,5% entre as mulleres.

Tras esta evolución a taxa de ocupación sitúase en Galicia no 53,1% no caso dos homes, oito puntos e medio superior á estimada para a ocupación feminina (44,6%), manténdose estas porcentaxes por baixo do estimado para o mercado laboral español: 57,8% e 47,3%, respectivamente. En relación ao resto das CC.AA., tan só Asturias e Andalucía presentan unha taxa inferior á galega no caso dos homes, en tanto que a taxa de ocupación feminina sitúa a Galicia como a cuarta C.A. coa taxa más reducida tras Estremadura, Andalucía e Asturias.

Centrándose na análise das cifras totais da ocupación estimadas pola EPA, ademais do devandito maior dinamismo na creación de emprego entre os homes, con carácter xeral pode afirmarse que o incremento do emprego prodúcese en maior medida no sector servizos, fundamentalmente no ámbito da hostalería e educación; entre as persoas traballadoras por conta allea no ámbito privado; entre os posúen estudios da ESO primeira etapa e segunda etapa con carácter xeral; así como entre os maiores de 55 anos. No extremo oposto cómpre mencionar a redución da poboación ocupada no sector industrial; entre as persoas empresarias con asalariados; con estudios superiores; así como e entre as persoas de 35 a 44 anos.

Atendendo á situación profesional dos ocupados, o devandito incremento da ocupación explícase tan só polo incremento das persoas traballadoras por conta allea (31.200 persoas máis) o que contrasta co descenso do emprego por conta propia (800 menos), rexistrándose novamente importantes diferenzas entre homes e mulleres. Dunha banda, no que ao emprego asalariado se refire, a ocupación feminina presenta un maior dinamismo que o estimado para os homes, ao medrar un 4,1% respecto ao mesmo período do ano anterior (18.500 mulleres máis), máis dun punto superior ao experimentado entre os homes (13.300 persoas; 2,9%). Ao igual que no trimestre anterior, este diferencial ven explicado polo comportamento no sector privado, onde o emprego asalariado entre as mulleres medra en 19.100 persoas (5,7%), descendendo non obstante o emprego feminino no sector público (-500 persoas; -0,4%). Fronte a este descenso cómpre mencionar o incremento da ocupación no sector público entre os homes, con 1.900 ocupados máis (2,4%).

Doutra banda, a ocupación por conta propia aumenta tan só entre os homes (4.400 persoas máis que no ano anterior; 3,7%) reducíndose significativamente entre as mulleres (5.200; -6,2%). No que ao emprego feminino se refire, cómpre salientar a positiva evolución do número de empresarias sen persoas asalariadas (2.600 mulleres máis; 4,9%), que se ve superada polo descenso de empresarias empregadoras (4.500 persoas menos; -17,4%) e entre

## Poboación ocupada en Galicia III trimestre 2023: distribución segundo sectores económicos, situación profesional, idade e nivel de formación acadado

| | Galicia (en miles de persoas) | | | Galicia/España (%) | | | Galicia 22/23 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres |
| **Total** | 1.144,4 | 596,6 | 547,8 | 5,4 | 5,2 | 5,5 | 2,7 | 3,0 | 2,5 |
| **Sectores económicos** | | | | | | | | | |
| **Sector primario** | 72,7 | 51,1 | 21,6 | 10,4 | 9,6 | 12,9 | 5,5 | 8,3 | -0,5 |
| **Industria** | 168,4 | 119,2 | 49,2 | 6,0 | 5,9 | 6,1 | -0,7 | 4,6 | -11,5 |
| **Construción** | 78,5 | 71,6 | 6,9 | 5,7 | 5,7 | 5,6 | 4,5 | 3,6 | 15,0 |
| **Servizos** | 824,8 | 354,7 | 470,1 | 5,0 | 4,7 | 5,4 | 3,1 | 1,7 | 4,1 |
| **Situación profesional** | | | | | | | | | |
| **Traballadores por conta propia** | 200,9 | 122,4 | 78,5 | 6,4 | 6,1 | 7,0 | -0,4 | 3,7 | -6,2 |
| **Empregador** | 60,9 | 39,5 | 21,4 | 6,0 | 5,7 | 6,5 | -7,7 | -1,5 | -17,4 |
| **Empresarios sen asalariados** | 136,9 | 80,8 | 56,0 | 6,7 | 6,3 | 7,5 | 7,2 | 8,9 | 4,9 |
| **Membros cooperativas** | 1,0 | 0,4 | 0,5 | 5,5 | 3,1 | 9,4 | -52,4 | -69,2 | -37,5 |
| **Axuda na empresa ou negocio familiar** | 2,1 | 1,6 | 0,5 | 3,4 | 5,7 | 1,5 | -64,4 | -33,3 | -85,7 |
| **Asalariados** | 943,5 | 474,2 | 469,2 | 5,2 | 5,1 | 5,4 | 3,5 | 2,9 | 4,1 |
| **Sector público** | 196,5 | 81,2 | 115,3 | 5,6 | 5,4 | 5,7 | 0,7 | 2,4 | -0,4 |
| **Sector privado** | 747,0 | 393,0 | 354,0 | 5,1 | 5,0 | 5,3 | 4,3 | 3,0 | 5,7 |
| **Grupos de idade** | | | | | | | - | - | - |
| **16-19 anos** | 7,5 | 5,2 | 2,3 | 3,5 | 4,3 | 2,5 | 21,0 | 62,5 | -23,3 |
| **20-24 anos** | 45,7 | 25,4 | 20,2 | 4,0 | 4,2 | 3,8 | 24,5 | 18,7 | 32,0 |
| **25-34 anos** | 188,9 | 97,2 | 91,7 | 4,7 | 4,6 | 4,9 | 5,5 | 2,4 | 8,8 |
| **35-44 anos** | 291,8 | 152,3 | 139,5 | 5,5 | 5,4 | 5,5 | -4,3 | -1,7 | -6,9 |
| **45-54 anos** | 350,2 | 180,8 | 169,4 | 5,7 | 5,5 | 5,9 | 1,2 | 1,1 | 1,3 |
| **55 e máis anos** | 260,4 | 135,7 | 124,7 | 5,9 | 5,6 | 6,3 | 8,1 | 7,9 | 8,3 |
| **Nivel de formación acadado (1)** | | | | | | | | | |
| **Analfabetos e educación primaria incompleta** | 2,4 | 1,3 | 1,1 | 1,1 | 0,9 | 1,3 | -29,4 | -35,0 | -15,4 |
| **Educación Primaria** | 27,5 | 17,1 | 10,4 | 3,7 | 3,7 | 3,7 | 49,5 | 72,7 | 22,4 |
| **Ed. secundaria. Primeira etapa ou similar** | 319,6 | 191,0 | 128,6 | 6,0 | 5,8 | 6,4 | 4,5 | 3,0 | 6,9 |
| **Ed. secundaria. Segunda etapa, orientación xeral** | 141,4 | 81,7 | 59,7 | 4,9 | 5,2 | 4,5 | 8,1 | 15,4 | -0,5 |
| **Ed. secundaria. Segunda etapa, orientación profesional** | 129,6 | 68,8 | 60,8 | 5,8 | 5,6 | 5,9 | 3,2 | -5,4 | 14,7 |
| **Educación Superior** | 523,9 | 236,7 | 287,1 | 5,3 | 5,0 | 5,6 | -1,1 | -0,6 | -1,5 |

*(1) Educación primaria inclúe estudios primarios incompletos, Educación secundaria inclúe 1ª etapa, 2ª etapa orientación xeral e profesional, e Educación superior inclúe doutorado*
*Fonte: INE, EPA*

aquelas que axudan na empresa familiar (-3.000; -85,7%). Ao igual que na ocupación feminina, entre os homes salienta o incremento de autónomos (6.600; 8,9%), descendendo lixeiramente o número de empresarios con persoas asalariadas en 600 persoas (-1,5%). Como resultado deste comportamento, o mercado de traballo galego presenta unha medra interanual de 9.200 persoas empresarias sen asalariados (7,2%) fronte ao descenso en 5.100 persoas empresarias empregadoras (-7,7%).

## Poboación ocupada III trimestre de 2023: distribución segundo sexo e ramas de actividade

| | 2022 (en miles de persoas) | | | 2023 (en miles de persoas) | | | 23/22 (taxa variación interanual) | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres |
| **Total** | 1.113,8 | 579,1 | 534,6 | 1.144,4 | 596,6 | 547,8 | 2,7% | 3,0% | 2,5% |
| **Sector Primario** | 69,0 | 47,3 | 21,7 | 72,7 | 51,0 | 21,7 | 5,4% | 7,8% | 0,0% |
| Agricultura, gandaría, caza e silvicultura | 50,5 | 32,5 | 18,0 | 51,7 | 34,4 | 17,3 | 2,4% | 5,8% | -3,9% |
| Pesca e acuicltura | 18,5 | 14,8 | 3,7 | 21,0 | 16,6 | 4,4 | 13,5% | 12,2% | 18,9% |
| **Industria** | 169,6 | 114,0 | 55,6 | 168,4 | 119,3 | 49,2 | -0,7% | 4,6% | -11,5% |
| Industrias extractivas | 3,2 | 2,2 | 1,0 | 4,1 | 3,5 | 0,7 | 28,1% | 59,1% | -30,0% |
| Industria manufactureira | 159,1 | 106,5 | 52,7 | 157,5 | 110,9 | 46,6 | -1,0% | 4,1% | -11,6% |
| Enerxía, subministro de auga e xestión de residuos | 7,3 | 5,3 | 1,9 | 6,8 | 4,9 | 1,9 | -6,8% | -7,5% | 0,0% |
| **Construción** | 75,1 | 69,1 | 6,0 | 78,5 | 71,6 | 6,9 | 4,5% | 3,6% | 15,0% |
| **Servizos** | 800,1 | 348,9 | 451,5 | 825,0 | 354,7 | 470,0 | 3,1% | 1,7% | 4,1% |
| Comercio por xunto e ao retallo; reparación vehículos motor e motocicletas | 180,4 | 85,7 | 94,7 | 174,6 | 80,7 | 93,9 | -3,2% | -5,8% | -0,8% |
| Transporte e almacenamento | 55,7 | 43,3 | 12,4 | 57,2 | 44,4 | 12,7 | 2,7% | 2,5% | 2,4% |
| Hostalaria | 74,4 | 31,4 | 43,1 | 83,8 | 35,3 | 48,5 | 12,6% | 12,4% | 12,5% |
| Act. de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais | 164,5 | 83,5 | 81,0 | 168,0 | 85,0 | 83,0 | 2,1% | 1,8% | 2,5% |
| Admón. pública e defensa; seguranza social obrigatoria | 70,7 | 41,1 | 29,6 | 68,6 | 38,7 | 29,9 | -3,0% | -5,8% | 1,0% |
| Educación | 70,4 | 20,0 | 50,5 | 76,8 | 24,5 | 52,2 | 9,1% | 22,5% | 3,4% |
| Actividades sanitarias e de servizos sociais | 106,2 | 23,0 | 83,3 | 107,5 | 19,9 | 87,5 | 1,2% | -13,5% | 5,0% |
| Resto de servizos | 77,8 | 20,9 | 56,9 | 88,5 | 26,2 | 62,3 | 13,8% | 25,4% | 9,5% |

*Fonte: IGE*

No que atinxe á distribución sectorial, o sector servizos concentra o 72,1% da poboación ocupada en Galicia (824.800 persoas), representando o conxunto das ramas manufactureiras o 13,8% (157.500 persoas ocupadas). O sector da construción concentran o 6,9% da poboación ocupada total en Galicia (78.500 persoas) e as actividades do sector primario o 6,4% (72.700 persoas). No ámbito do sector servizos a actividade que concentra o maior número de ocupados é a de comercio, cun 15,3% da poboación ocupada, por diante das actividades sanitarias e de servizos sociais, cun 9,4%, a hostalería, cun 7,3%, e a educación, co 6,7%.

Se se compara esta estrutura coa existente no mesmo trimestre de 2019, cómpre resaltar o desigual comportamento entre sectores ou ramas de actividade, salientando dunha banda o descenso en máis de punto e medio do peso relativo da industria manufactureira, así como de oito décimas no caso das actividades de fabricación de material de transporte, e seis no caso da hostalería; aumentando por contra a importancia relativa da ocupación no sector de transporte e almacenamento e educación en oito décimas, e en medio punto no caso das actividades profesionais, científicas e técnicas.

## Estrutura da ocupación en Galicia III trimestre de 2019 e 2023. Peso relativo sobre a poboación ocupada total




*Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa*

## Calidade do emprego

Todo o emprego por conta allea creado no segundo trimestre do ano, tanto en Galicia como en España, é emprego indefinido. Entre xullo e setembro o incremento do 3,5% do emprego asalariado en Galicia (31.900 persoas) ven como resultado dunha medra do 4,3% das persoas asalariadas con contrato indefinido (32.000 persoas) e un descenso do 0,1% entre aquelas persoas con contrato temporal (-100 persoas). Esta mesma tendencia rexístrase no conxunto do Estado, se ben este comportamento é máis acusado que en Galicia. En concreto, o emprego asalariado con contrato indefinido medra un 7,9% respecto ao ano anterior, descendendo un 11% o emprego temporal.

A análise da desagregación segundo sexo reflicte que no terceiro trimestre do ano dinamismo do emprego indefinido presenta unha intensidade similar entre homes e mulleres. En concreto, o emprego indefinido entre as mulleres medra un 4,4% respecto ao ano anterior (15.700 persoas), dúas décimas por riba do rexistrado entre os homes (4,2%; 16.300 persoas). No conxunto de España o emprego indefinido presenta un crecemento superior ao estimado en Galicia en ambos os dous casos, situándose as taxas de variación interanual no 6,8% entre os homes e no 9,2% entre as mulleres. No concernente ao emprego temporal, Galicia experimenta un descenso tan só entre os homes, cunha caída interanual do 4% (2.900 persoas menos), estimándose por contra unha medra da ocupación feminina temporal do 2,9% (2.700 mulleres máis). O mercado laboral en España presenta unha caída dos contratos temporais tanto no caso das mulleres como en maior medida dos homes, situándose estas porcentaxes no 8,3% e 14,1%, respectivamente.

Tras esta evolución, a taxa de temporalidade descende ata o 17,6%, tres décimas superior á rexistrada no conxunto de España, porcentaxe que sitúa a Galicia como a sétima C.A. coa taxa máis reducida. Comparado co ano anterior, fronte ao descenso de sete décimas experimentado en Galicia, no conxunto do Estado a taxa de temporalidade descende en case tres puntos (18,3% e 20,2% no terceiro trimestre de 2022). Atendendo a este indicador, a calidade de emprego feminino é sensiblemente inferior á masculina dado que a taxa de temporalidade entre as mulleres se sitúa en Galicia no 20,7% fronte ao 14,6% no caso dos homes. Do mesmo xeito, no conxunto de España a temporalidade oscila entre o 19,5% no caso das mulleres e o 15,1% no dos homes. A pesar da devandita redución, cómpre resaltar o incremento do diferencial existente, que en Galicia se sitúa en 6,1 puntos fronte aos 5,2 puntos do ano precedente (4,4 e 4,3 en España, respectivamente).

O devandito descenso das persoas asalariadas cunha contratación temporal prodúcese en Galicia tan só no

ámbito privado, cunha caída interanual do 8,9% (9.900 persoas menos), aumentando por contra nun 17,8% no sector público (9.800 persoas máis). A diferenza do que acontece en Galicia, no conxunto de España o descenso prodúcese en ambos os dous casos, sendo do 2,2% no sector público e do 14,9% no privado. Deste xeito, a taxa de temporalidade no ámbito público aumenta ata o 33%, case vinte puntos por riba do estimado para o sector privado (13,6%), situándose no conxunto do Estado en 29,8% e 14,2%, respectivamente.

Por último cómpre facer referencia á ocupación segundo tipo de xornada. Dunha banda, o emprego a tempo parcial presenta un maior crecemento en termos relativos, ao medrar un 7,2% respecto ao ano anterior, o que supón 10.700 persoas ocupadas máis. Doutra banda, a ocupación a xornada a tempo completo medra un 2,1% respecto ao segundo trimestre do ano anterior (19.900 persoas máis). Por contra, no conxunto do Estado a ocupación a xornada a tempo completo presenta un maior dinamismo que a xornada a tempo parcial, situándose as taxas de variación interanual no 3,7% e 2,1%, respectivamente.

A análise da desagregación segundo sexo reflicte a desigualdade entre homes e mulleres xa que o 72,1% das persoas ocupadas a tempo parcial en Galicia son mulleres, case cinco puntos menos que no mesmo trimestre do ano anterior (76,9%); en tanto que no caso do emprego a tempo completo o seu peso relativo aumenta ata o 44% (43,6% no mesmo período de 2022).

Se se considera tan só o emprego asalariado indefinido, setenta e sete de cada cen persoas asalariadas con contrato indefinido a tempo parcial en Galicia son mulleres, case sete puntos inferior ao estimado no terceiro trimestre do ano anterior (83,9%); en tanto que no caso do emprego a tempo completo o seu peso relativo aumenta ata o 43,7% (43% no mesmo período de 2022). Asemade, o 20,1% das mulleres asalariadas con contrato indefinido teñen un emprego a tempo parcial o que contrasta co 5,6% estimado entre os homes (21% e 3,7% no ano precedente, respectivamente).

## Desemprego

A poboación parada no terceiro trimestre do ano descende en Galicia ata as 117.200 persoas, das que 62.200 son mulleres (53,1%) e 54.900 son homes (46,9%). En relación ao ano anterior. O desemprego redúcese en 17.200 persoas, o que supón un 13,1% inferior respecto ao ano precedente, porcentaxe significativamente máis elevada que a experimentada no conxunto do Estado, cunha redución do 4,2%. O devandito mellor comportamento que a media estatal reflíctese tamén na evolución respecto ao trimestre anterior xa que fronte ao incremento do 3,4% no conxunto do España, o mercado laboral galego presenta un descenso do 2,1%. Tras esta evolución a taxa de paro en Galicia redúcese ata o 9,3%, dous puntos e medio por baixo da media estatal, o que a sitúa como a sétima C.A. coa taxa máis reducida.

Os datos das oficinas de emprego en Galicia reflicten o devandito descenso do desemprego, producíndose este con maior intensidade que o estimado pola EPA. Entre xullo e setembro o número medio de persoas paradas rexistradas redúcese un 9,4% respecto ao mesmo período do ano anterior para situarse en torno a 128.600 persoas. No conxunto do Estado esta taxa de variación interanual sitúase no 7,4%.

Atendendo ao valor das taxas de paro, que reflicten a relación entre a poboación parada e a poboación activa, o desemprego segue a afectar en maior medida ao desemprego feminino. Dunha banda, a taxa de paro entre as mulleres descende ata o 10,2% fronte ao 8,4% entre os homes. Este diferencial entre homes e mulleres é significativamente máis acusado no conxunto do Estado, onde a taxa de paro feminino descende ata o 13,6%, o que supón 3,3 puntos máis elevada que o desemprego entre os homes (1,8 puntos en Galicia).

As persoas menores de 25 anos, estranxeiros e con estudios primarios volven a ser os colectivos máis afectados polo desemprego. Con todo, cómpre destacar a positiva redución das taxas entre a poboación máis nova e aquela con estudos primarios. Dunha banda, a taxa de paro entre os menores de 25 anos descende no último trimestre ata o 24%, oito puntos e medio inferior ao estimado na mesma data do ano anterior, mentres que entre as persoas de 25 a 54 anos a taxa de paro redúcese ata o 8,7% (9,9% no ano precedente) e entre os maiores de 55 anos ata o 7,4% (8,9% en 2022). Doutra banda, atendendo ao nivel de estudos rematados, a taxa de paro redúcese entre as persoas con estudos primarios ata o 17,1% no terceiro trimestre fronte ao 20,2% no ano anterior. Asemade, esta taxa descende ata o 7,6% entre aquelas con educación superior (8,7% no ano anterior). Por último, a pesar de que a taxa de desemprego descende entre as persoas con nacionalidade

## Evolución da poboación parada e da taxa de paro en Galicia 2021-2023.

| | 2021 | | 2022 | | | | 2023 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | III | IV | I | II | III | IV | I | II | III |
| *(en miles de persoas)* | | | | | | | | | |
| **Poboación parada** | 126,7 | 135,1 | 141,0 | 139,4 | 134,8 | 131,4 | 135,1 | 119,7 | 117,2 |
| **Homes** | 61,4 | 63,1 | 64,7 | 67,7 | 63,2 | 61,8 | 64,1 | 57,2 | 54,9 |
| **Mulleres** | 65,3 | 72,0 | 76,4 | 71,7 | 71,7 | 69,6 | 71,0 | 62,5 | 62,2 |
| **Paro de longa duración** | 51,5 | 59,4 | 57,2 | 52,9 | 49,7 | 47,0 | 47,7 | 42,0 | 40,7 |
| *(Taxa de variación interanual; %)* | | | | | | | | | |
| **Poboación parada** | -12,5 | -5,3 | -10,9 | -8,5 | 6,4 | -2,7 | -4,2 | -14,1 | -13,1 |
| **Homes** | -11,0 | -3,5 | -13,4 | -5,6 | 2,9 | -2,1 | -0,9 | -15,5 | -13,1 |
| **Mulleres** | -14,0 | -6,9 | -8,6 | -11,0 | 9,8 | -3,3 | -7,1 | -12,8 | -13,2 |
| **Paro de longa duración** | -4,1 | 18,6 | -6,8 | -17,0 | -3,5 | -20,9 | -16,6 | -20,6 | -18,1 |
| *(porcentraxe de poboación activa; %)* | | | | | | | | | |
| **Taxa de paro** | 10,2 | 11,0 | 11,4 | 11,2 | 10,8 | 10,6 | 10,9 | 9,6 | 9,3 |
| **Total** | 9,5 | 9,9 | 10,1 | 10,5 | 9,8 | 9,8 | 10,1 | 8,9 | 8,4 |
| **Homes** | 11,1 | 12,2 | 12,9 | 11,9 | 11,8 | 11,5 | 11,8 | 10,3 | 10,2 |
| **Mulleres** | | | | | | | | | |
| **Segundo nivel de estudios** | | | | | | | | | |
| **Estudios primarios** | 15,4 | 29,7 | 26,4 | 25,7 | 20,2 | 24,1 | 28,0 | 28,4 | 17,1 |
| **ESO. 1ª etapa** | 13,0 | 14,3 | 14,2 | 13,9 | 12,2 | 13,0 | 13,4 | 10,6 | 9,8 |
| **ESO. 2ª etapa** | 12,3 | 14,1 | 13,4 | 13,6 | 12,4 | 11,8 | 12,7 | 10,7 | 10,8 |
| **Educación superior** | 9,4 | 9,9 | 8,0 | 7,7 | 8,7 | 7,8 | 7,3 | 7,1 | 7,6 |
| **Segundo grupos de idade** | | | | | | | | | |
| **Menores de 25 anos** | 24,3 | 35,6 | 32,0 | 34,9 | 32,5 | 30,4 | 28,7 | 24,3 | 24,0 |
| **De 25 a 54 anos** | 9,7 | 9,8 | 10,7 | 10,2 | 9,9 | 10,1 | 10,4 | 8,9 | 8,7 |
| **Maiores de 55 anos** | 9,0 | 10,2 | 9,7 | 9,8 | 8,9 | 8,3 | 9,0 | 8,7 | 7,4 |
| **Segundo nacionalidade** | | | | | | | | | |
| **Española** | 9,6 | 10,1 | 10,5 | 10,6 | 10,2 | 10,1 | 9,7 | 8,6 | 8,6 |
| **Estranxeira** | 21,3 | 25,9 | 27,3 | 20,8 | 19,7 | 18,0 | 26,9 | 22,8 | 17,7 |

*Fonte: IGE*

española e estranxeira, entre estas últimas a taxa de paro sitúase no 17,7% fronte ao 8,6% entre as persoas españolas.

Pola súa importancia cómpre facer referencia ao número de persoas que levan máis dun ano en situación de desemprego. En concreto, no terceiro trimestre hai un total de 40.700 persoas que levan máis dun ano en paro, o que

representa o 34,7% do desemprego en Galicia, a porcentaxe máis reducida nun terceiro trimestre dende o ano 2009. En relación ao ano precedente, o paro redúcese en 9.000 persoas, o que supón un 18,1% menos que en 2022.

O descenso do paro de longa duración afecta a todos os grupos de idade, se ben en distinta intensidade. Entre estes cómpre resaltar a caída estimada entre a poboación máis nova e entre as persoas de 45-54 anos,. En concreto, o descenso interanual entre as persoas menores de 25 anos foi de 5.200 persoas, o que supón unha caída do 34%, en tanto que entre aquelas persoas con idades comprendidas entre 45-54 anos  o descenso foi do 45,5% (1.500 persoas paradas menos).

Por último, cómpre facer referencia á situación dos fogares galegos segundo a tipoloxía de actividade. Un primeiro aspecto positivo é o descenso do número de fogares con todos os seus activos en situación de desemprego. En concreto, tras un descenso interanual do 3,5%, Galicia conta con 49.300 fogares con todos as persoas activas en paro, 1.500 fogares menos que no ano anterior, o que representa o 4,4% dos fogares galegos, a segunda porcentaxe máis reducida nun terceiro trimestre tras o estimado en 2021 (4,1%). Ademais, aumenta o número de fogares onde todas as persoas activas están ocupadas, acadando os 662.300 fogares, o que supón un 3,5% máis que no ano precedente (22.100 fogares máis).

COMENTARIO

# UN MODELO ENERGÉTICO PARA UNA ECONOMÍA DESCARBONIZADA

MIGUEL RODRÍGUEZ (GEN- UNIVESIDADE DE VIGO)[1]
JORGE DOMÍNGUEZ (GEN- UNIVESIDADE DE VIGO)
FRANCISCO DE ASIS LÓPEZ (GEN- UNIVESIDADE DE VIGO)

El Pacto Verde Europeo representa en la actualidad la principal hoja de ruta para el diseño de todas las políticas europeas. Su objetivo, de acuerdo con lo declarado por la Comisión Europea, es lograr una economía moderna, eficiente en el uso de los recursos, y competitiva, garantizando:

1) Cero emisiones netas de gases de efecto invernadero en 2050

2) Transición justa: que no haya personas ni lugares que queden atrás

3) Desacoplar crecimiento económico y uso de recursos (crecer sin consumir más)

El gran reto, sin duda alguna, es transformar el consumo de combustibles fósiles en fuentes de energía renovables. Tomemos como referencia la situación del sistema energético español en el año 2019, el último libre de interferencias externas, como puede ser la reciente pandemia del Covid-19 o la guerra en Ucrania. Según MITECO/IDAE, el consumo final de energía en el año 2019 por fuentes y sectores agrupados fue, en GWh, el correspondientes a las tablas siguientes:

**Tabla I. Consumo de energía (En Barras de Central) en la península en GWh (Año 2019)**

| Por SECTORES | | |
|---|---|---|
| Industria | 251.395 | 23,6% |
| Transporte por carretera | 357.769 | 33,6% |
| Transporte aéreo | 89.728 | 8,4% |
| Otros Transportes | 19.497 | 1,8% |
| Usos Diversos | 39.553 | 3,7% |
| Comercio, Servicios Y Admin. Públicas | 125.628 | 11,8% |
| Residencial | 179.984 | 16,9% |
| TOTAL | 1.063.553 | 100,0% |

| Por FUENTES | | |
|---|---|---|
| Carbones | 13.232 | 1,2% |
| Productos Petrolíferos | 552.187 | 51,9% |
| Gases | 176.856 | 16,6% |
| Residuos | 60 | 0,0% |
| Energías Renovables | 70.266 | 6,6% |
| Energía Eléctrica Renovable | 98.330 | 9,2% |
| Energía Eléctrica No Renovable | 152.623 | 14,4% |
| TOTAL | 1.063.553 | 100,0% |
| Total Renovable | 168.595 | 15,9% |
| Total NO Renovable | 894.958 | 84,1% |
| Fósiles+Residuos | 742.335 | 69,8% |
| Energías Renovables noEléctr | 70.266 | 6,6% |
| Energía Eléctrica | 250.953 | 23,6% |

*1-https://www.linkedin.com/in/miguelrodriguezmendezuvigo/*

Descarbonizar el sistema energético significa su casi total electrificación. Quedarán otras fuentes renovables no eléctricas, sin duda, pero tendrán un papel menor y no protagonista en el mismo. Léase el caso del biogás, asociado fundamentalmente a la generación de residuos orgánicos (fundamentalmente producidos por la ganadería), así como combustible sólidos tradicionales como la madera y similares. Todo un reto por delante, pues se trata de prescindir de la generación de un porcentaje altísimo de energía (83,5%) generada por unas fuentes no renovables que debemos abandonar.

Debemos mencionar en este punto que la energía nuclear basada en las tecnologías actuales es una energía no renovable, que además ofrece serias dudas sobre su viabilidad económica (e.g. no es más competitiva que la eólica o solar), debido a los elevados costes de inversión y por tanto financieros (e.g. préstamos), como consecuencia de las crecientes exigencias de seguridad y protección medioambiental. Las últimas plantas puestas en funcionamiento (e.g. en Finlandia) así lo sugieren, acumulando grandes retrasos en su puesta en marcha (concluyó en 2023) y enormes sobre costes.

Si pensamos en electrificar el sistema energético mediante energías renovables, dos son las fuentes principales que podemos imaginar con los conocimientos tecnológicos y costes de producción actuales: la energía eólica y la fotovoltaica. Diseñar un sistema energético basado fundamentalmente en ambas fuentes energéticas supone todo un reto tecnológico debido a su carácter "no despachable". En la actualidad, el sistema energético está diseñado para atender las necesidades o requerimientos de la demanda mediante una oferta "despachable" que se adapta en tiempo y forma a la demanda energética. Y ello es posible porque está basado fundamentalmente en energías fósiles que puede producirse y almacenarse para que estén siempre a disposición del consumidor (gas natural en tubería, gasolineras, depósitos de gasóleo y GLPs para producción de calor, etc.).

Las energías renovables tienen un carácter "no despachable" pues sólo se pueden producir cuando exista la fuente energética primaria (viento, luz solar), y esta es de carácter intermitente y a capricho de la naturaleza. La energía fotovoltaica depende del ciclo solar (día, noche) y estacional (la radiación en invierno es un 50% menor a la estival). La energía eólica es muy variable, aunque tiende a ser más intensa cuando menor es la solar (generando menor energía en el verano), pero pudiendo encadenar rachas de 3 meses e incluso más sin viento significativo (sin producción). Por tanto, la energía solar, aunque dependiente del ciclo solar, es sin embargo muy predecible, cosa que no ocurre con la energía eólica (a medio plazo).

Por todo ello, el gran reto del modelo energético descarbonizado no es tanto dimensionar las instalaciones de energía renovable que lo hagan viable, sino diseñar diferentes alternativas de almacenamiento energético que permitan el necesario equilibrio entre oferta y demanda energética.

Con el objetivo de analizar los retos del futuro modelo energético, el grupo de investigación GEN ha desarrollado una herramienta matemática que nos permita simular (e imaginar) las condiciones del sistema energético español descarbonizado en el horizonte del año 2050. Como ya fue mencionado, el mayor reto es lograr atender las necesidades de la demanda energética mediante fuentes de energía "no despachables", para lo cual es necesario disponer de fuentes de almacenamiento energético que cubran los "huecos" de demanda que no pueden ser atendidos por una producción energética síncrona. Consideramos 3 fuentes de almacenamiento alternativas: hidráulica mediante embalses incluidos los hiperanuales o con el apoyo de bombeos, baterías sólidas (e.g. litio), e hidrógeno en sus diferentes formas (e.g. para su consumo directo, o mediante su transformación en otros vectores energéticos como el metanol o el amoníaco).

Para alcanzar los objetivos propuestos, el grupo GEN ha diseñado una herramienta que permite simular las 8760 horas de funcionamiento del sistema energético a lo largo de todo un año natural, de tal manera que podamos cuantificar las necesidades de almacenamiento energético a lo largo de todo un año. Es decir, para i) almacenar la energía diurna que vaya a ser consumida durante la noche, ii) incluyendo los cambios en el ciclo solar, con casi un 50% menos de intensidad en el invierno respecto al verano, y iii) para almacenar la energía producida por el viento, de carácter muy intermitente (intra día, intra semana, y entre varios meses), y que no sea consumida instantáneamente cuando al sumarse a la energía fotovoltaica se produzca un exceso de oferta eléctrica.

Para determinar el diseño óptimo del sistema energético descarbonizado en el año 2050 podemos utilizar diferentes criterios. Por poner sólo algunos ejemplos, minimizar el almacenamiento mínimo necesario, minimizar los costes de producción, minimizar el impacto ambiental del número de instalaciones eólicas y fotovoltaicas, etc. Los resultados que presentaremos a continuación han sido calculados con el objetivo de minimizar el almacenamiento máximo necesario. Es un criterio muy razonable pues el almacenamiento será probablemente el elemento más costoso del modelo, atendiendo a los conocimientos disponibles en la actualidad.

Para proceder con nuestros cálculos, es necesario además determinar cómo va a ser la demanda horaria de electricidad para diferentes usos energé-

ticos. Conocemos el perfil horario de la demanda eléctrica actual, pero no para los combustibles fósiles que serán electrificados en el futuro, directamente o mediante hidrógeno. Para los combustibles fósiles, podemos suponer que seguirá el mismo perfil horario que la demanda eléctrica actual, u otras alternativas más extremas (e.g. consumo nocturno, plano 24h). La realidad se situará sin duda en un punto medio entre estos extremos.

Los resultados para el año 2050 que ofrece nuestro modelo de simulación podrían ser resumidos en los siguientes puntos:

• La demanda energética anual será de 754 TWh aproximadamente, muy inferior a los 1.063 TWh actuales, gracias a las mejoras de eficiencia, y en particular a la eliminación de las pérdidas energéticas de los procesos de combustión (e.g. los motores para el transporte sólo trasforman en energía cinética un 30% aproximadamente de la energía consumida).

• El mínimo almacenamiento máximo necesario será de 17 TWh aproximadamente (podría variar ligeramente, dependiendo del perfil horario de la demanda), lo cual representa un 3% aproximadamente de la demanda energética anual.

• Será necesaria una sobre planta de 35 TWh para la producción de electricidad, equivalente al 6,5% aproximadamente de la demanda energética anual, para compensar las pérdidas energéticas que se producen con el almacenamiento eléctrico.

• Necesitaremos más producción eólica que fotovoltaica, atendiendo a una relación próxima a 2:1, o un 64% de producción fotovoltaica respecto a la eólica, lo cual significa multiplicar por 6 aproximadamente la capacidad eólica actual y por 24 la capacidad fotovoltaica actual.

Claro que estos resultados dependen del perfil meteorológico del año considerado. Los datos de partida pertenecen al año 2019, el cual no fue un mal año en potencia eólica. Si realizamos los cálculos para un mal año eólicamente hablando, como por ejemplo el año 2016, las necesidades de mínimo almacenamiento máximo se duplican, alcanzando los 55 TWh aproximadamente, lo cual representa un 9,5% aproximadamente de la demanda energética anual.

Frente a estos resultados es necesario hacerse varias reflexiones si queremos realizar una planificación energética sostenible atendiendo a los criterios ESG (medioambiente, sociedad, gobierno) de acuerdo con las directrices de la Comisión Europea. Las mismas directrices que exigirá a las empresas de cierto tamaño a partir del año 2024 (informes de sostenibilidad ambiental CSRD).

No existen razones para que la producción eléctrica se concentre en determinadas zonas geográficas como en la actualidad, pues el recurso solar está muy bien distribuido, y con grandes posibilidades de explotación de tejados (de hogares, empresas y administraciones públicas). Una distribución más equitativa de la producción ofrece grandes ventajas:

• Reduce la concentración de impactos en determinadas regiones, y por tanto contribuye a una transición más justa de acuerdo con las prioridades del Pacto Verde Europeo. No debemos olvidar que disponer de mayor recurso energético renovable ofrece escasos beneficios económicos y sociales a las comunidades locales o regionales (los recursos que ofrece son muy marginales en relación con las rentas para el titular de la instalación), con la excepción de las instalaciones de autoconsumo. Porque la electricidad renovable, una vez producida, pertenece a la red y por tanto puede ser consumida por cualquiera conectado a la red, y no de un municipio o región, y todos pagamos el mismo precio por la electricidad de acuerdo con las reglas diseñadas para el mercado actual. Por ejemplo, la mayor instalación fotovoltaica de España Francisco Pizarro, ubicada en Cáceres y con una capacidad de 553 MW podría generar energía para 334.400 hogares durante un año, ha firmado contratos eléctricos a largo plazo para todas las instalaciones en España de Danone, Graham Packaging, Salvesen Logística y Bayer. Y además con PepsiCo incluyendo sus centros de Portugal. Estas empresas no tienen centros de actividad en Extremadura.

• Reduce las necesidades de incrementar las líneas de transporte eléctrico, que de acuerdo con nuestros cálculos deberían más que doblarse, e incluso triplicarse en algunos casos (e.g. ¿Madrid?). La experiencia demuestra que tender nuevas líneas de transporte eléctrica es muy costoso, tanto económica como burocráticamente, debido a los elevados impactos ambientales y al rechazo social que genera.

• La generación distribuida ha sido defendida desde hace décadas por los expertos académicos como la mejor manera de diseñar un modelo energético descarbonizado, en la que los consumidores pasan a ser prosumidores (e.g. autoconsumo, comunidades energéticas, etc.). Lo cual genera un doble beneficio: genera una mayor aceptación social y reduce la necesidad de multiplicar la escala de las redes de transporte.

Los cálculos anteriores no prevén la exportación de hidrógeno, Será necesaria una sobre planta de 35 TWh para la producción de electricidad, equivalente necesaria para actividades de

almacenamiento, y como vector energético para medios de transporte difícilmente electrificables (aéreo, marítimo, camiones de gran tonelaje). Si incluyésemos su exportación, deberíamos ampliar todavía más las instalaciones de energía renovable, y con ello sus impactos. No parece razonable pensar en la posibilidad de exportar hidrógeno hacia otros países, teniendo en cuenta además que el impacto del cambio climático en el horizonte del 2050 incrementará todavía más el elevado nivel de estrés hídrico en España (imprescindible para producir hidrógeno, y que además debe ser de gran pureza).

Para finalizar, estamos ante un incremento colosal en las instalaciones de energías renovables. Conociendo los rechazos actuales por parte de muchas comunidades locales, ¿podemos imaginar el rechazo que va a generar este nuevo modelo energético? Siguiendo las recomendaciones del Pacto Verde europeo, la transición energética debe ser justa, atendiendo a los intereses de las comunidades locales. Hay formas directas de socializar los beneficios socioeconómicos de las instalaciones renovables, como el autoconsumo o las comunidades energéticas (entre hogares y actividades económicas locales). En otros países ya lo están haciendo para lograr su mayor aceptación. Existen otros ejemplos, como Holanda o Dinamarca en los cuales se les entrega a las comunidades locales participaciones en el capital de instalaciones renovables para que obtengan una parte de los beneficios generados. En Escocia, algunos parques eólicos marinos pagan carreras universitarias a estudiantes locales (aproximadamente 10.000€ anuales). Otras fórmulas consisten en ofrecer electricidad gratis a las comunidades locales. En cualquier caso, deben pagarse los terrenos ocupados en función del valor del recurso disponible sobre el suelo (eólico y solar), igual que se haría por unas tierras que contengan oro en el subsuelo. Y por supuesto, es posible diseñar regulaciones y políticas públicas que incrementen la aceptación social.

## Referencias bibliográficas

Ashrafi, M., Walker, T.R., Magnan, G.M., Adams, M., Acciaro, M. (2020). A review of corporate sustainability drivers in maritime ports: a multi-stakeholders perspective. *Maritime Policy and Management*. 47(8). 1027-1044.

Berli, J., Ducruet, C., Martin, R., Seten, S. (2020). The changing interplay between European cities and intermodal transport networks (1970s -2010s). In Lozano R. & Carpenter, A. (Eds.). *European Cities in Transition*. Springer. pg. 241-263.

Cheung, K.F., Bell, M.G.H., Pan, J.J., Perera, S. (2020). An eigenvector centrality analysis of world container shipping network connectivity. *Transportation Research.* Part. E. 140. 101991.

Ducruet, C. (2020). The geography of maritime networks. A critical review. *Journal of Transport Geography.* 88. 102824.

Ducruet, C., Itoh, H., Berli, J. (2020). Urban gravity in the global container shipping network. *Journal of Transport Geography*. 25. 102729.

Ghorbani, M., Acciaro, M., Transchel, S., Cariou, P. (2022). Strategic Alliances in container shipping: A review of the literature and future research agenda. Maritime Economics & Logistics. 24. 439-465.

Notteboom, T., Haralambides, H. (2020). Port management and governance in a post-COVID-19 era. Quo vadis?. *Maritime Economic & Logistics*. 22, 369-352.

Veltz, P. (1999). *Mundialización, ciudades y territorio. La economía del archipiélago. Barcelona,* Editorial Ariel.

**www.foroeconomicodegalicia.es**

O Foro Económico de Galicia é unha plataforma de transferencia de coñecemento en materia económica dende as empresas e universidades galegas á sociedade e aos espazos de decisión pública. O Foro integra a profesores e investigadores, empresarios e directivos representativos dos diferentes sectores e áreas de Galicia, e xornalistas galegos de referencia.

# SOCIOS

| | | |
|---|---|---|
| ABANCA | Asociación Gallega Empresa Familiar | Casal de Armán |
| civisglobal construimos entorno | Coren | CRTVG Corporación Radio e Televisión de Galicia |
| Cruz Roja | Galuresa Algo más que gasolineras | Hijos de Rivera |
| Hierros Añón, S.A. | Estrella Galicia | Jealsa |
| Megasa | Naturgy | Grupo Nogar |
| Pérez Rumbao | ReVi | reganosa |
| Rodiñas | Rodman | Consorcio Zona Franca Vigo |
| | Grupo de investigación GEN Universidade de Vigo | |

Foro económico de Galicia

ABANCA

Foro económico de Galicia

# Informe de Conxuntura socioeconómica

## IV / 2023

Fernando González Laxe (coord.)
José Francisco Armesto Pina
Patricio Sánchez Fernández
Santiago Lago Peñas

www.foroeconomicodegalicia.es